

## *A linguaxe*

A linguaxe é fundamental para desenvolver o pensamento e para comprender o mundo. Os adultos somos os referentes lingüísticos dos cativos e das cativas.

A adquisición completa dos fonemas culmina arredor dos sete anos. Cada neno e nena segue o seu propio ritmo para acadalos. Por este motivo non debemos obsesionarnos coas dificultades na fala. A ansiedade transmítese aos nenos e nenas.

### *Que debemos facer?*

Fala con el/ela de forma pausada, clara e asegurando a súa comprensión.

Non respondas por el/ela, deixa que se exprese, dalle tempo para facelo.

Non empregues palabras infantís como "guau guau" nin abusos de diminutivos.

Non correxas os seus erros, ofrece inmediatamente o modelo correcto. Os nenos e nenas aprenden por imitación. Por exemplo: se di "tasa" podemos dicir "sí, esa é a casa da tía Paula".



# PAUTAS PARA FAMILIAS



**Departamento de orientación**

**CEIP Plurilingüe de San Roque**

**de Darbo**

**CEIP Nazaret**



## ***As rutinas***

Segue un mesmo horario para durmir ou comer. Garantiza que durma o tempo suficiente.

Se vai a ocorrer algún cambio na rutina ou na casa, anticipa ese cambio con antelación.

## ***Autonomía***

Déixalle ser autónomo naquelo que poda facer por sí mesmo como vestirse/desvestirse ou comer utilizando a culler e o garfo.

Axúdalle a conseguilo, dalle tempo para que o poda facer e confía nel/nela! Isto axudará a súa autoestima.

Déixalle colaborar nalgunhas tarefas da casa que poida facer. Déixalle escoller entre dúas propostas.

## ***Alimentación***

Busca momentos para comer xuntos sempre que sexa posible. Anímao/a a probar novos alimentos. Ofrece os mesmos alimentos que aos adultos. Reduce o consumo de comida triturada. Evita o uso do chupete ou biberón.

## ***No xogo***

Fomenta que xogue cos seus iguais. Ofrécelle experiencias variadas, ao aire libre, onde poda moverse.

Xoga con el/ela, interactuando, fomentando o diálogo. Desfrutade xuntos. Anímao/a a permanecer un tempo nunha actividade, por exemplo, nalgún xogo manipulativo. Cada vez será capaz de estar máis tempo concentrado. Fomenta o hábito de recoller despois de xogar, axudándolle se o precisa.

## ***Nos conflitos***

É normal que o/a cativo/a expresen o seu desacordo cando algo é inxusto ou non o quere facer.

Nas rabechas é importante manter a calma e analizar que ocorre. Será importante distinguir se o cativo está expresando medo, rabia ou tristeza ou se pola contra, está utilizando esta rabecha para chamar a atención. No primeiro caso débese atender á súa necesidade, tranquilizar, abrazar e redirixir a conduta. No segundo caso debemos ignorar as rabechas e, cado todo acabe, explicar con firmeza como debemos actuar.

É importante axudarlle a entender e a respetar os sentimentos e as necesidades dos demais. Ensínalle a reflexionar sobre as consecuencias dos seus actos. Marca normas e límites claros.

## ***Para estimular a linguaxe podemos ...***

Fala con el/ela das cousas que ides facendo ou que ides facer.

Faceille preguntas, anímao a verbalizar. Amplía o seu vocabulario, por exemplo, cando di unha frase, ampliar esa frase con dúas ou tres palabras máis.

Realiza xogos lingüísticos como vexo-vexo, chistes, adiviñas ou cantar cancións.

Cóntalle contos, activa a súa atención, facendo sons de animais ou enfatizando expresións. Anímao a fixarse nas imaxes, faceille preguntas sobre elas ou sobre o conto...

Cóntalle historias e escoita as súas.

Aproveita o lavado de dentes para xogar: manter auga na boca, facer gargarexos, traspasar líquido dun vaso o lavabo, facer masaxe na lingua co cepillo, facer mocas diante do espello, embazar o espello mediante a respiración, etc.

## ***Pantallas***

Evita o tempo diante dunha pantalla.